



Pablo d'Ors

Devoción

Tradución do castelán de
María Fe González Fernández



Galaxia Gutenberg

PABLO d'ORS

Devoción

Tradución
María Fe González Fernández

Galaxia Gutenberg

Título da edición orixinal: *Devoción*
Tradución do castelán: María Fe González Fernández

Publicado por
Galaxia Gutenberg, S.L.
Av. Diagonal, 361, 2.º 1.ª
08037-Barcelona
info@galaxiagutenberg.com
www.galaxiagutenberg.com

Primeira edición: febreiro de 2025

© Pablo d'Ors, 2025
© da tradución: María Fe González Fernández, 2025
© Galaxia Gutenberg, S.L., 2025

Preimpresión: Maria Garcia
Impresión e encadernación: Romanyà-Valls
Sant Joan Baptista, 35, La Torre de Claramunt-Barcelona
Depósito legal: B 59-2025
ISBN: 978-84-10317-77-2

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode realizarse coa autorización dos seus titulares, á parte das excepcións previstas pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear fragmentos desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45)

Para Gonzalo Rodríguez-Fraile,
coa miña admiración, agradecemento e amizade

O PEREGRINO RUSO

Versión de Pablo d'Ors

«Non deixaremos de explorar,
e a fin da nosa exploración
será chegar a onde empezamos
e coñecer o lugar por primeira vez.»

T. S. Eliot

ACTO I

A oración do corazón

1. O TERRATENENTE PIADOSO

Un día entrei nunha igrexa para rezar e, durante a misa, escoitei esta frase: «Orade sen cesar». Estas tres palabras –orade sen cesar– ficaron tan gravadas en min que me puxen a pensar en como podía ser posible iso de orar sen interrupción, cando na vida todos temos que estar ocupados en tantos asuntos e tan diversos. Así que saín da igrexa preguntándome se atoparía quen mo explicase e, como non conseguía quitalo da cabeza, dous días despois púxenme en camiño na procura de quen me dese algunha luz. Foi así como me convertín en peregrino.

Que quen son? Pola graza de Deus, son cristián; polos meus actos, indubidablemente, un gran pecador; o que vou descubrindo é que por vocación son peregrino, pois sempre vou errante, dun lado para

outro. Só posúo a palabra e o pan: no peito, baixo a camisa, a santa *Biblia* e a *Filocalia*, os meus libros; ás costas, un zurrón con pan seco… Nada máis, pero tampouco menos!

*

Nas miñas pescudas iniciais, de quen primeiro tiven novas foi dun piadoso terratenente que vivía na vila do lado. Informáronme de que aquel bo home apenas saía da casa, pois non facía outra cousa que ler libros piadosos e rogar a Deus nunha pequena capela que fixera construír para este efecto.

Aquel terratenente sorriu en canto me tivo en fronte del.

–Oín dicir que sodes unha persoa devota e axuizada –díxenlle a xeito de saúdo–. Por iso vos pido que me expliquedes, se sodes tan amable, que significa iso que di o Apóstolo de «Orade sen cesar». Como é posible algo semellante, tendo sempre todos tanto que facer?

Volveu sorrir. Aínda estou a ver o seu amplo sorriso.

–Non son quen buscas –respondeu tras un anaco de espera longo dabondo–. Eu non teño letras para contestar unha pregunta como esa, tan profunda –e seguiu sorrindo con infinita dozura–.

Pero a poucas verstas de aquí hai un párroco cuxos sermóns son os mellores que escoitei nunca. El explicarache que é a pregaria, como realizala e cales son os seus froitos.

Acto seguido, como se eu fose un mendigo, mandoulle a un dos serventes que me dese algunhas viandas para o camiño, a pesar de que insistín en que non necesitaba nada. Aceptei tamén un bolo de pan quente, que agradecín e metín no zurrón; pero el, ao velo tan esburacado, empeñouse en substituírmo por un máis sólido e mellor, cousa pola que tamén lle dei as grazas.

Logo despediuse de min co mesmo sorriso co que me recibira. Non me atrevín a seguir preguntándolle –como sería o meu desexo–, posto que me fixo ver que o importunaba. A verdade era, porén, que aquela conversa fixo medrar en min a irresistible inclinación ao espiritual que experimento dende que era cativiño.

2. O PÁRROCO LENTO

Era un día claro de verán e as campás chamaban á misa.

–Non fai falla que corras –díxome un paisano, ao ver que ía apurado–. Tes tempo de sobra, xa

que neste lugar o párroco é moi cachazudo e a cerimonia, longa –advertiume.

Estaba no certo: a liturxia durou moito, pois o celebrante, pálido e macilento, oficiou con esaxerada lentitude. Así a todo, pronunciou un sermón tan cheo de sentimento que me emocionou.

–Con que piedade dicides o oficio, padre –díxenlle unha vez que rematou–, e que amodo!

–Si –respondeu el, mirándome de esguello–; e iso que sei que aos fregueses non lles gusta e fungan. Pero non podo evitalo. Encántame saborear cada verba da pregaria eucarística, antes de pronunciala en voz alta.

Estabamos na sancristía. Da parede que tiña en fronte colgaba unha icona marabillosa e unha cruz de tamaño case natural.

–Recoñezo que me gusta ler –admitiu o párroco, entre compracido e abafado, mentres eu, que estivera admirando a icona, me entretiña diante dun andel cheo de libros.

Cando quitou a casula e a alba, tomamos asento alí mesmo ante unha gran mesa circular. El entendeu que pedía confesión, aínda que o único que eu quería saber era que facer para estar en permanente conexión con Deus.

*

En canto lle formulei a miña inquedanza, aquel sacerdote lento –pois era moi parsimonioso en todo, non só na misa– extraeu dun caixón do escritorio un libro moi groso, advertíndome que era moi valioso.

–A calquera que me dea dez kópecks, léolle canto queira sobre como será o xuízo final de Deus e sobre os tormentos que sufriremos no inferno –comezou dicíndome entre risos secos e forzados.

Pero logo mudoulle o rostro.

–Confésoche que cando lin como os vermes, no medio do lume eterno, comerán os pecadores, asusteime tanto que, dende daquela, me asaltan pensamentos obsesivos.

Despois achegóuseme esaxeradamente e preguntoume en voz baixa, como se alguén puidese estar tras a porta, escoitándonos.

–Cres que será verdade o que di este libro? Cres que resucitaremos?

Fiquei abraiado ante esta interpelación. Non imaxinaba que un tipo da súa condición, e máis aínda despois de velo celebrar con tanta unción, tivese semellantes dúbidas.

Pero el non agardou pola miña resposta.

–De alguén que hai cen anos ou máis que morreu xa non quedan nin as cinzas. Ninguén volveu

do outro mundo, así que… quen sabe se o ser humano, cando morre, podrece e desaparece da face da terra para sempre, sen deixar rastro!

Aquel párroco, incrédulo e devoto ao mesmo tempo, logrou escandalizarme.

–Este libro –e deixou caer a man sobre del, asustándome– escribírono os curas para facer que vivamos aterrorizados e en submisión –e riu dun xeito horrible, como nunca imaxinei que puidese facelo un clérigo–. Deste modo, pasas a vida no medio de penas e de traballos sen ningún consolo e, por riba, no outro mundo… non vai haber nada!

Unha vez máis cambiou de rostro, palidecendo de forma aterradora.

–Confésoche que todos estes pensamentos me atormentan –concluíu, e olloume, agora si, esperando de min algunha reacción.

Ao escoitar aquel relato, non puiden menos que compadecerme. Eu oíra o escépticos que adoitan ser os sabios e librepensadores, pero a verdade é que… tamén entre os clérigos incuba o escepticismo e a incredulidade! Aquel párroco era un home moi complexo para min e así llo dixen. A súa alma poliédrica tería o seu propio camiño cara a Deus, pero non era, de certo, o meu. Así que tiven que volver emprender a miña busca sen saber moi ben para onde ir.

Pero o que buscaba non estaba lonxe. Nunca está lonxe o que buscamos se é a Deus.

Antes de partir, pedinlle a beizón, que el me deu con extrema lentitude, tal e como celebrara a misa.

3. O ABADE HOSPITALARIO

Tras o encontro frustrado con aquel párroco atormentado, os meus desexos de internarme na oración chegaron a ser tan intensos que, sinxelamente, me impedían conciliar o sono. Por fortuna, duascentas verstas máis adiante, cheguei a un mosteiro, de cuxo reputado abade se dicía que era moi virtuoso e hospitalario.

–Oín que hai que orar en todo momento, pero non sei como facelo –díxenlle cando finalmente me recibiu, cousa que non foi tan sinxela–. Prégovos, meu padre –dubidaba sobre como tratalo–, que mo expliquedes.

Fun todo o breve que puiden, pois advertíronme de que aquel abade era un home ocupadísimo e que, en consecuencia, non debía roubarlle máis tempo do imprescindible.

–Non cho sei, benquerido irmán –respondeu el–, eu non sei nada de todo iso.

Sorprendeume moitísimo que un home consagrado e, por se isto fose pouco, o máximo responsable dun mosteiro, me dixese, con toda naturalidade, que el, sobre ese asunto da oración, non tiña nin a máis remota idea. Sorprendeume mesmo que tamén el, como o terratenente piadoso, sorrise amosándome as palmas das mans e erguendo as cellas. Pero non rematou aí todo.

–Agradece a Deus –díxome daquela– que acendese dentro de ti esa irresistible inclinación cara á pregaria continua. Recoñece niso a chamada de Deus; pero, por favor –e alzou o dedo índice–, acouga. A propia pregaria che revelará como orar sen deterte –aseguroume–; pero para iso fai falla tempo, moitísimo tempo –e sacudiu as mans para que me fixese cargo dos moitos anos que necesitaría para alcanzar o que procuraba–. Reza sempre, reza máis e con máis fervor –díxome tamén para, acto seguido, acompañarme á porta e estender a man para que lle bicase o anel–. Descúlpame por falar tanto –díxome aínda, despois de bicarllo–. Os santos padres afirman que a conversa, aínda que sexa piadosa, non é máis que leria se dura demasiado. Roga por min –pediume sacudindo un pano da man co que acabaría asoándose– para que Deus, na súa infinda misericordia, me axude no goberno deste mosteiro.

Non esqueceu convidarme para que pasase con eles o tempo que me parecese oportuno. A súa fama hospitalaria non era infundada, iso dende logo; pero nas súas palabras non atopei o consolo que buscaba.

–O meu repouso non depende dun teito, senón dunha ensinanza espiritual –atrevinme a dicirlle, polo menos desta vez non fiquei calado–. Non necesito comida, teño moito pan seco no zurrón –a miña falta de comprensión resultábame cada vez máis dolorosa.

–Que a graza divina te acompañe durante a viaxe –desexoume–, como o anxo Rafael a Tobías!

Saín daquel locutorio coa impresión de que o mundo se volvera completamente tolo: os sacerdotes, que deberían ser un exemplo de fe, viven atormentados polas dúbidas; os monxes, que se consagran a Deus, viven ocupadísimos sen tempo para escoitar os demais. Aquel santo abade, supostamente experto en oración, non me aclarara nada! «Á hora de orar, non acertamos nin no que nin no como», di san Paulo. Pois esa era, exactamente, a miña situación.

Índice

O PEREGRINO RUSO,
versión de Pablo d'Ors

ACTO I. A ORACIÓN DO CORAZÓN 13
1. O terratenente piadoso 13
2. O párroco lento 15
3. O abade hospitalario 19
4. O porteiro e a *Filocalia* 22
5. O garda forestal 25
6. O *staretz* e os demos 28
7. O irmán incendiario 32
8. A esposa e a *Biblia* 35
9. A invocación do nome 38
10. O tolo de Deus 40

ACTO I. A VARA DE DEUS. 43
11. O atraco 43
12. Amor aos libros 46

13. O relato do capitán 48
14. O lobo e o rosario 51
15. Unha liorta conxugal 53
16. A filla do anfitrión 56
17. Interrogatorio perante o xefe de policía . 58
18. As pernas xeadas 62
19. A cura con alcatrán dos ósos 64
20. A vara de Deus 67

ACTO III. FUXIDA AOS BOSQUES 71
21. A muller do xuíz 71
22. Paseo cun cabaleiro 74
23. Conversa sobre os Buxará 76
24. A espiña do peixe 79
25. Aparición do defunto mestre
e lavatorio de pés 81
26. Visión e discurso do profeta 83
27. Fama de santidade e fuxida aos bosques . 86

Breve ensaio sobre a
DEVOCIÓN

POÉTICA: ESCRIBIR PARA SER 97
1. A adaptación dun clásico 97
2. As andanzas dun buscador 102
3. A corrente do hesicasmo 112

4. A custodia do corazón 117
5. A recitación do nome 122

MÍSTICA: CAMIÑAR CARA A DENTRO 129
1. No principio sempre é a palabra 129
2. O que pode aprenderse dun mestre 137
3. O camiño do mantra. 145
4. Vivir no relato de Deus 155
5. As probas iniciáticas 161
6. O combate contra os demos 171
7. A aceptación da vontade divina 178
8. A pantasma da morte 186
9. Cumprir os mandamentos 193
10. Ao final triunfa o amor e a unión 201
Dez ensinanzas para o camiñante 207

Epílogo 219
Agradecementos 221